

BASES DA CONVOCATORIA “LUDOTECA DE NADAL 2017”

1.- CONTIDO

A Concellería de Turismo, Cultura, Xuventude e Igualdade do Concello de Nigrán a través do Centro de Información ás Mulleres organiza a “Ludoteca de Nadal 2017” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar á conciliación da vida laboral e persoal.

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta a “Ludoteca de Nadal 2017” é de 60.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1-Poderán solicitar a súa participación na “Ludoteca de Nadal 2017” os nenos e nenas nados entre os anos 2005 e 2014 que reúnan algunha de estas circunstancias:

- ✓ Empadroados/as en Nigrán. O Concello de Nigrán comprobará que os/as menores inscritos están empadroados no Concello.
- ✓ Non empadroados/as en Nigrán pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio en Nigrán. En caso de familias monoparentais deberá traballar o pai, nai titor/a a cargo do/a menor.

3.2- No caso de que non se cubrisen as prazas previstas con nenos e nenas que reúnan os requisitos previstos no apartado anterior, admitiranse nenos e nenas empadroados noutros concellos e valorarase a prioridade de admisión segundo o baremo previsto nos punto nº 8 e 9 de estas bases.

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase no Auditorio Municipal de Nigrán

5.- DATAS E HORARIOS

O campamento de verán desenvolverase do 22 de decembro ao 5 de xaneiro de 2017 de luns a venres en horario de 9:00 horas ás 14:30 horas.

Non se admitirán solicitudes de inscrición por un prazo inferior a duración do campamento.

6.- INSCRIPCIÓNS

O prazo para presentar as solicitudes **comezará o día 23 de novembro e rematará o día 11 de decembro.**

As solicitudes poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán (de luns a venres en horario de 9.00 horas a 14.00 horas) ou a través da Sede Electrónica (sede.nigran.org) en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición.

Os formularios de inscrición poden recollerse no Rexistro Xeral do Concello, no Centro de Información ás Mulleres (de luns a venres de 9:00 horas a 14:00 horas) ou descargarse da páxina Web municipal www.nigran.org.

7.- PREZO

Os prezos públicos para a “Ludoteca de Nadal 2017” foron aprobados polo Pleno do Concello de Nigrán previo ditamen da Comisión especial de Contas, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeral de prezos públicos, e publicados no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 80 do día 26.04.2017

“Ludoteca de Nadal”

Tarifa xeral	
Ludoteca de Nadal	10,00 euros

8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

8.1- Valorarase con **8 puntos** cando concurren algunha das circunstancias que se sinalan a continuación:

1.- Menores empadronados/as en Nigrán cuxos proxenitores (ámbolos dous) ou titores legais traballen, se atopen en situación de Pro-emprego (cursos ou talleres de emprego a través de algún organismos oficial ou privado) ou teñan persoas dependentes a cargo. No caso de familias monoparentais deberá atoparse nalgunha desta situación o pai/nai/titor/titora a cargo do/a menor.

2.- Menores non empadronados/as en Nigrán, cuxos pais ou, titores legais (ámbolos dous) traballen e un deles traballe ou teña unha empresa ou negocio en Nigrán. No caso de familias monoparentais deberá atoparse nesa situación o pai/nai/titor/titora a cargo do/a menor.

3.- Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade

8.2- Valorarase con **4 puntos** cando soamente un proxenitor/a estea en situación laboral activa

8.3- Valorarase con **1 punto** por cada fillo/a menor de 12 anos na unidade familiar.

9.- CRITERIO DE SELECCIÓN EN CASO DE EMPATE

No caso de que se produzan empates as prazas serán adxudicadas atendendo como criterio de prioridade a renda “per cápita” da familia da persoa participante, adxudicándose as prazas por orden inverso á magnitude de dita renda ata que se cubran a totalidade das prazas.

Tomarase para o cálculo da renda a declaración do IRPF correspondente ao ano 2016. No obstante, cando as circunstancias concorrentes na data de declaración do IRPF non coincidan coas circunstancias do momento de presentación da solicitude de participación na Ludoteca de Nadal 2017, teranse en conta estas últimas. Estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente.

En todo caso, a documentación relativa a situación económica requirirase exclusivamente naqueles casos nos que se produza empate na puntuación final, e será solicitada telefónicamente polo persoal do CIM.

10.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

Solicitude de inscrición segundo o Anexo I

Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude

Fotocopia do Libro de Familia ou DNI dos/as menores

Fotocopia da Tarxeta Sanitaria

Se os/as proxenitores/titores traballan:

- ✓ Traballadores/as por cuenta allea: certificado de empresa, certificado de vida laboral ou fotocopia da nómina do mes de novembro (só un deles).
- ✓ Traballadores/as autónomos/as: certificado de vida laboral do mes de novembro, copia do resguardo do pago do seguro social de réximen especial de traballadores autónomos (RETA) do mes de novembro, copia do resguardo de pago da mutualidade profesional.

Para as familias monoparentais:

- ✓ Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/ divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/ divorcio

Se os/as proxenitores están en situación de Pro-emprego

- ✓ Certificado acreditativo da formación que estean cursando

Se os proxenitores teñen ao seu cargo unha persoa dependente

- ✓ Informe de servizos sociais ou resolución administrativa acreditativa da situación de dependencia

Se os/as proxenitores están incurso nunha situación de especial vulnerabilidade

- ✓ Informe de Servizos Social ou do Centro de Información ás Mulleres

No caso de persoas con discapacidade

- ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

Outra documentación

- ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade

11.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto nos punto nº 8 e 9 de estas Bases.
- ✓ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o día 13 de decembro, no taboleiro de anuncios do Concello, no Centro de Información ás Mulleres e na páxina web do Concello.
- ✓ Enmendar erros e/ou falta de documentación, presentación de reclamacións ou presentación de renuncias: do 14 de decembro ao 15 de decembro.
- ✓ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da baremación: o día 18 de decembro no taboleiro de anuncios do Concello, no Centro de Información ás Mulleres e na páxina Web do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orden na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta que se facilitará: do día 19 de decembro ata o día 21 de decembro. Deberase ademais remitir o xustificante de pago do importe da actividade ao Centro de Información ás Mulleres mediante fax (986 383113), correo electrónico (cim@nigran.org) ou presencialmente. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

12.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan no Centro de Información ás Mulleres Estrada pola vía, nº65, Panxón, Nigrán (antiga estación do tranvía), no taboleiro de anuncios do Concello de Nigrán e na páxina Web do Concello.